

Avaliación de stock de primavera e outono de 2023 nos bancos infralitorais de libre marisqueo de Tirán e Cabo de Mar. Ría de Vigo.

José Manuel Parada Encisa e Edgar No Couto.

Xunta de Galicia
Consellería do Mar
CIMA (Centro de Investigacións Mariñas)
Área de Recursos Mariños

Informe técnico:
CIMA-RM2-INDICADORES22 23/05.

Data de emisión: 02/10/2023



Suxestión de citación:

Parada, J.M. e No-Couto E. 2023. Avaliación de stock de primavera e outono de 2023 nos bancos infralitorais de libre marisqueo de Tirán e Cabo de Mar. Ría de Vigo. Xunta de Galicia. Consellería do Mar. Informe técnico - biolóxico CIMA-RM2-INDICADORES22 23/05. 53 pp. <https://doi.org/10.5281/zenodo.10516669>

Unha copia deste informe pode ser solicitada a:

Centro de Investigacións Mariñas (CIMA)
Pedras de Corón s/n. Apdo. Nº 13
36620 Vilanova de Arousa
cima@xunta.gal

Descrición de recursos para arquivo :

CAMPO	CONTIDO
AUTOR	José Manuel Parada, Edgar No Couto
ORCID	0000-0001-9851-6512, 0000-0001-7018-9767
TITULO	Avaliación de stock de primavera e outono de 2023 nos bancos infralitorais de libre marisqueo de Tirán e Cabo de Mar. Ría de Vigo.
OUTROS TITULOS	
DATA DE PUBLICACIÓN	2023/10/02
EDITOR	CIMA (Centro de Investigacións Mariñas)
SERIE	INDICADORES22
NÚMERO DA SERIE	5
IDENTIFICADOR ISNN	
IDENTIFICADOR E-ISNN	
IDENTIFICADOR ISBN	
IDENTIFICADOR OUTRO	CIMA-RM2-REDEMAR-2023/05. DOI: 10.5281/zenodo.10516669
TIPO DE DOCUMENTO	Informe técnico
IDIOMA	Galego
FILIACIÓN XUNTA	Si
PALABRAS CLAVE	Galicia, Marisqueo, Planes de gestión, Recursos específicos, Cofradías, Bivalvos, Plans de xestión, Confrarías
RESUMO	Analízanse os resultados das campañas de avaliación de stock de moluscos bivalvos infaunais de interese comercial nos bancos marisqueiros de Tirán e Cabo de Mar de abril e setembro de 2023. No caso de Cabo de Mar redefínense os seus límites en función das características do sedimento. A ameixa rubia experimentou recrutamentos salientables nos dous bancos e a ameixa babosa no de Tirán. En setembro as densidades de ameixa rubia en Cabo de Mar resultaron semellantes ás de Tirán. Obtívose un modelo de crecemento estacional para ameixa rubia en Tirán.

CAMPO	CONTIDO
PATROCINADORES	REDEMAR. Actuación cofinanciada polo FEMP nun 75%. P.O. español 2014ES14MFOP001 [Prioridade 1 - OE1.e) - medida 1.5.2]. OIG: D.X. Desenvolvemento Pesqueiro
AXENCIA FINANCIADORA	
DESCRIPCIÓN	53 páxinas
VERSIÓN DO EDITOR	
NÚMERO DO ACORDO DE SUBVENCIÓN	
DEREITOS	Acceso aberto
DATA DE EMBARGO	
VERSIÓN DO TRABALLO	Publisher's version
LICENCIA DE USO	
PEER-REVIEWED	No
CITACIÓN	Parada, J.M. e No-Couto E. 2023. Avaliación de stock de primavera e outono de 2023 nos bancos infralitorais de libre marisqueo de Tirán e Cabo de Mar. Ría de Vigo. Xunta de Galicia. Consellería do Mar. Informe técnico - biolóxico CIMA-RM2-INDICADORES22 23/05. 53 pp. https://doi.org/10.5281/zenodo.10516669
SOLICITANTE. ÓRGANO	
SOLICITANTE. RESPONSABLE	
SOLICITUDE. DATA	
ÁMBITO DE DIFUSIÓN	Externo
VERSIÓN DO DOCUMENTO	20231002
TÍTULO PROXECTO/ ACCIÓN DE INVESTIGACIÓN	Desenvolvemento de indicadores, ferramentas numéricas e estratexias asociadas aos obxectivos biolóxicos e ecolóxicos dos plans de xestión do marisqueo.
ACRÓNIMO PROXECTO/ ACCIÓN DE INVESTIGACIÓN	INDICADORES22
CÓDIGO PROXECTO/ ACCIÓN DE INVESTIGACIÓN	PROO4A 2022/001

RESUMO EXECUTIVO

Os resultados expostos neste informe baséanse en dúas campañas de toma de mostras realizadas nos bancos marisqueiros de Tirán e Cabo de Mar, no norte e sur da ría de Vigo, respectivamente. Na mostraxe de abril de 2023 de Cabo de Mar estudáronse os sedimentos no interior dos límites dos tres bancos que definen o conxunto de Cabo de Mar na aplicación SIGREMAR, así como nas proximidades dos seus bordes externos. Os resultados permitiron axustar os límites do banco inda que non se descarta a existencia de parches de sedimentos areosos intercalados con fondos rochosos non accesibles coa embarcación empregada para a toma de mostras con draga. Os límites definidos para o banco de Cabo de Mar reducen así a súa superficie a 650855 m².

Inda que se atoparon especies comerciais como ameixa babosa (*Venerupis corrugata*) e navalla (*Ensis magnus*), o informe céntrase unicamente no stock de ameixa babosa, ameixa rubia (*Polititapes rhomboides*) e carneiro (*Venus verrucosa*) en Tirán e as dúas últimas en Cabo de Mar, por ser as de maior interese e abundancia nestes bancos. O stock comercial de carneiro en Tirán estimouse en 145 t cunha densidade de 1.37 ind/m² en primavera e en 207 t (1.75 ind/m²) en outono. A poboación de ameixa babosa distribuíase en Tirán no intermareal inferior e infralitoral someiro do norte do banco, de xeito que, debido á presenza de numerosos baixos rochosos, a zona é dificilmente accesible e dificulta a avaliación correcta deste stock. É posible, xa que logo, que este stock estea infravalorado nestas estimacións. En todo caso o seu stock comercial foi estimado en 3 t con 0.11 ind/m² en primavera e en 10 t e 0.27 ind/m² en outono, cando, ademais se detectou un recrutamento salientable. A poboación de ameixa rubia en Tirán presentaba un stock comercial de 67 t e 1.52 ind/m² en primavera e 84 t e 1.99 ind/m² en outono, moi similar ao de 2022. Na avaliación de outono detectouse un recrutamento salientable, estimado nunha taxa de 5.71 recrutas en setembro por cada adulto en abril, mentres que nos anos anteriores esta taxa fora estimada en 0.96 e 0.83 en setembro de 2021 e 2022, respectivamente. A continuidade nas avaliacións de stock desta especie en Tirán dende 2021 permitiu axustar o crecemento desta especie a un modelo de crecemento estacional de von Bertalanffy con $L_{\infty} = 55$ mm, $K = 0.52$ anos, $WP = 0.31$, $C = 1$ e $t_0 = 0$ anos e obter unha relación tamaño - idade que amosa que a ameixa rubia neste banco acadará o tamaño comercial de 40 mm con tres anos de idade. Este crecemento é semellante ao obtido noutros traballos deste equipo na ría de Ares.

O stock de carneiro en Cabo de Mar foi estimado en 2 t en abril e 8 t en setembro. No caso da ameixa rubia, o seu stock comercial foi estimado en 8 t en abril e 21 t en setembro, cunha estrutura de tamaños semellante á atopada en Tirán con, igualmente, un recrutamento salientable. Inda que o volume do stock resultou menor que o de Tirán, as densidades foron semellantes.

LISTADO DE CONTIDOS

RESUMO EXECUTIVO.....	iii
1. ANTECEDENTES	1
2. OBXECTIVOS.....	2
3. METODOLOXÍA.....	2
3.1. Deseño das campañas de recollida de mostras	2
3.1.1. DISTRIBUCIÓN E NÚMERO DE MOSTRAS.	2
3.1.2. PROCESADO DAS MOSTRAS.....	5
3.1.3. DINÁMICA DE POBOACIÓNS.....	5
4. RESULTADOS E DISCUSIÓN	6
4.1. Banco de Tirán.	6
4.1.1. AVALIACIÓN DE STOCK DE PRIMAVERA.....	6
4.1.2. AVALIACIÓN DE STOCK DE OUTONO.	9
4.1.3. DINÁMICA DE POBOACIÓNS.....	12
4.2. Banco de Cabo de Mar.....	14
4.2.1. TIPO DE SEDIMENTO E LÍMITES DO BANCO.	14
4.2.2. AVALIACIÓN DE STOCK DE PRIMAVERA.....	25
4.2.3. AVALIACIÓN DE STOCK DE OUTONO.	27
4. OBSERVACIÓNS FINAIS.....	30
5. REFERENCIA BIBLIOGRÁFICAS.....	31
6. AGRADECEMENTOS	32
7. ANEXOS.....	33
Anexo I. Resultados da avaliación de stock de primavera en Tirán.....	34
Anexo II. Resultados da avaliación de stock de outono en Tirán.....	37
Anexo III. Coordenadas dos vértices dos límites do banco Cabo de Mar considerado neste estudio. DATUM WGS84.....	40



Actuación cofinanciada polo FEMP nun 75%. P.O. español 2014ES14MFOP001 [Prioridade 1 - OE1.e] - medida 1.5.2]. OIG: D.X. Desenvolvemento Pesqueiro

Anexo IV. Coordenadas dos vértices dos límites dos estratos definidos no banco de Cabo de Mar. DATUM WGS84.....41

Anexo V. Resultados da avaliación de stock de primavera en Cabo de Mar.....42

Anexo VI. Resultados da avaliación de stock de outono en Cabo de Mar.....44



Listado de figuras:

Figura 1.- Deseño da toma de mostras para avaliación de stock de outubro de 2021 en Tirán.....	3
Figura 2.- Deseño da toma de mostras para definición dos límites en Cabo de Mar.	4
Figura 3.- Deseño da toma de mostras definitiva para a avaliación de stock en primavera e outono de 2023 en Cabo de Mar.	4
Figura 4.- Estrutura de tamaños e avaliación de stock de carneiro en primavera no banco de Tirán.	6
Figura 5.- Estrutura de tamaños e avaliación de stock de ameixa babosa en primavera en Tirán.	6
Figura 6.- Estrutura de tamaños e avaliación de stock de ameixa babosa en primavera en Tirán.	7
Figura 7.- Distribución espacial da densidade de ameixa babosa en primavera no banco de Tirán.	7
Figura 8.- Estrutura de tamaños e avaliación de stock de ameixa rubia en primavera en Tirán. ...	8
Figura 9.- Distribución espacial da densidade de ameixa rubia en primavera no banco de Tirán. .	8
Figura 10.- Estrutura de tamaños e avaliación de stock de carneiro en outono no banco de Tirán.	9
Figura 11.- Distribución espacial da densidade carneiro de tamaño non comercial e comercial en outono no banco de Tirán.	9
Figura 12.- Estrutura de tamaños e avaliación de stock de ameixa babosa en outono en Tirán..	10
Figura 13.- Distribución espacial da densidade de ameixa babosa en outono no banco de Tirán.	10
Figura 14.- Estrutura de tamaños e avaliación de stock de ameixa rubia en outono en Tirán.	11
Figura 15.- Distribución espacial da densidade de ameixa rubia en outono no banco de Tirán...	11
Figura 16.- Identificación de cohortes de ameixa rubia no banco de Tirán.	13
Figura 17.- Modelo de crecemento de ameixa rubia no banco de Tirán.	13
Figura 18.- Tipo de sedimento nas estacións estudadas en Cabo de Mar.....	15
Figura 19.- Granulometría e aspecto dos sedimentos con fango e area fangosa en Cabo de Mar I.	15
Figura 20.- Granulometría e aspecto dos sedimentos con fango con maërl ou cascallo en Cabo de Mar I.	16
Figura 21.- Granulometría e aspecto dos sedimentos con area gravosa con maërl en Cabo de Mar I.	17
Figura 22.- Granulometría e aspecto dos sedimentos con area, area gravosa e area gravosa con fango en Cabo de Mar I.	17
Figura 23.- Granulometría e aspecto dos sedimentos con fango, area fangosa, fango con maërl ou cascallo e area gravosa con fango en Cabo de Mar V.	18
Figura 24.- Granulometría e aspecto dos sedimentos con area fangosa, fango con maërl ou cascallo e area gravosa con maërl en Cabo de Mar S.	18
Figura 25.- Granulometría e aspecto dos sedimentos con area, area gravosa e area gravosa con fango en Cabo de Mar S.	19
Figura 26.- Estacións definitivas de toma de mostras de stock en Cabo de Mar.....	20
Figura 27.- Estrutura de tamaños e avaliación de stock de carneiro en primavera no banco de Cabo de Mar.	25
Figura 28.- Distribución espacial da densidade de carneiro en primavera en Cabo de Mar.	26



Figura 29.- Estrutura de tamaños e avaliación de stock de ameixa rubia en primavera en Cabo de Mar.	26
Figura 30.- Distribución espacial da densidade de ameixa rubia en primavera en Cabo de Mar.	27
Figura 31.- Estrutura de tamaños e avaliación de stock de carneiro en outono en Cabo de Mar.	27
Figura 32.- Distribución espacial da densidade de carneiro en outono en Cabo de Mar.	28
Figura 33.- Estrutura de tamaños e avaliación de stock de ameixa rubia en outono en Cabo de Mar.	29
Figura 34.- Distribución espacial da densidade de ameixa rubia en outono en Cabo de Mar.	30

Listado de táboas:

Táboa 1.- Relación tamaño – idade de ameixa rubia. Tirán, resultados deste traballo; Ares, resultados deste proxecto na ría de Ares (Parada <i>et al.</i> , 2023); Mancha, Savina (2004).....	14
Táboa 2.- Granulomtería e características sedimentolóxicas do banco de Cabo de Mar I. Estacións do estrato CMNorte. Contido en gravas (GRV), áreas moi grosas (AMG), áreas grosas (AGR), áreas medias (AMD), áreas fins (AFN), áreas moi finas (AMF) e pelitas (PEL). Mediana en mm (MN(mm)), moda (MD), mediana en unidades phi (MN(phi)), desviación de quartil (QD), asimetría (Skq), coeficientes de selección (So).....	21
Táboa 3.- Granulomtería e características sedimentolóxicas do banco de Cabo de Mar V. Estacións do estrato CMOeste. Contido en gravas (GRV), áreas moi grosas (AMG), áreas grosas (AGR), áreas medias (AMD), áreas fins (AFN), áreas moi finas (AMF) e pelitas (PEL). Mediana en mm (MN(mm)), moda (MD), mediana en unidades phi (MN(phi)), desviación de quartil (QD), asimetría (Skq), coeficientes de selección (So).....	22
Táboa 4.- Granulomtería e características sedimentolóxicas do banco de Cabo de Mar S. Estacións do estrato CMOeste. Contido en gravas (GRV), áreas moi grosas (AMG), áreas grosas (AGR), áreas medias (AMD), áreas fins (AFN), áreas moi finas (AMF) e pelitas (PEL). Mediana en mm (MN(mm)), moda (MD), mediana en unidades phi (MN(phi)), desviación de quartil (QD), asimetría (Skq), coeficientes de selección (So).....	23
Táboa 5.- Estacións definitivas para a avaliación de stock en Cabo de Mar.	24



1. ANTECEDENTES

1. No Centro de Investigacións Mariñas (CIMA) vense realizado a avaliación de stock e seguimento da explotación de diferentes bancos marisqueiros infralitorais explotados en réxime de libre marisqueo. Dende principios da década de 2000 este seguimento foi levado a cabo de xeito continuado en tres bancos da ría de Arousa: Lombos do Ulla, Bohído e Cabío. En 2018 iniciouse o seguimento dos bancos de Ares e Sada na ría de Ares-Betanzos. A acción de investigación AVAMOL2 deu continuidade ao seguimento destes cinco bancos durante o ano 2021 e incorporou os bancos de Tirán e Canido na ría de Vigo..

2. En abril de 2021 foi modificada a acción AVAMOL2 para incorporar ao seguimento un banco marisqueiro da ría de Vigo. Consultados os técnicos da Xefatura Territorial da Consellería do Mar en Vigo e os técnicos das confrarías de pescadores desa ría, foron seleccionados os bancos de Tirán e Canido para avaliar o interese do seu seguimento. A incorporación destes dous bancos á acción de investigación só puido ser posible grazas á colaboración dos técnicos das confrarías de pescadores da ría de Vigo no procesamento das mostras, se ben tamén participaron nas tarefas de recollida de mostras.

3. En 2022 deuse continuidade ao seguimento das poboacións de moluscos bivalvos de interese comercial en Tirán e Canido e conclúise a definición dos límites do banco de Canido.

4. O proxecto INDICADORES22 basea parte das súas tarefas e obxectivos na serie de datos de seguimento dos stocks dos bancos de libre marisqueo dos bancos de Lombos do Ulla, Bohído, Cabío, Sada, Ares, Tirán. Con estas tarefas dáse continuidade ao seguimento destas poboacións. O banco de Canido foi substituído polo de Cabo de Mar.

5. Os resultados deste seguimento son empregados para i) o asesoramento aos encargados da xestión da explotación destes bancos, ii) afondar no coñecemento da dinámica de poboacións das especies principais, iii) estudar a influencia das variables ambientais na evolución das poboacións, iv) posta a punto de indicadores e ferramentas que puideran resultar aplicables na xestión dos bancos marisqueiros.

6. A avaliación de stock nos bancos de Cabío, Ares e Tirán ten especial relevancia a efectos comparativos da poboación de ameixa rubia en tres bancos diferentes.

7. O banco Cabo de Mar foi incluído no proxecto co obxectivo de realizar unha primeira prospección que permitira definir os seus límites e comprobar o seu interese para o seguimento das súas poboacións.

2. OBXECTIVOS

O presente informe forma parte dun informe xeral do proxecto INDICADORES22 centrado, neste caso, nos bancos de libre marisqueo da ría de Vigo e ten por obxectivo avaliar o stock de moluscos bivalvos de interese comercial nos bancos de Tirán e Cabo de Mar (ría de Vigo), así como definir os límites do banco de Cabo de Mar e avaliar o seu interese para futuros estudos de seguimento.

3. METODOLOXÍA

3.1. Deseño das campañas de recollida de mostras

3.1.1. DISTRIBUCIÓN E NÚMERO DE MOSTRAS.

A toma de mostras para o seguimento das poboacións organizouse en dúas campañas, unha ao inicio da primavera, e outra a principios de outono. Esta periodicidade permite obter estimacións antes do inicio das campañas de libre marisqueo no mes de outubro e ao final das mesmas, xeralmente no mes de marzo. Ademais permite obter estruturas de tamaños que reflicten o stock reprodutor na primavera e o de recrutas no outono, xunto co stock explotable ao inicio da campaña e o stock que permanece no banco logo das campañas de explotación. A toma de mostras baseouse nun deseño regular estratificado.

Para a toma de mostras do banco de Tirán mantívose o deseño establecido nas campañas de outono de 2021, resultante do traballo de definición dos límites do banco realizado neste banco en 2021 (Parada, 2021). Dentro dos novos límites propostos para o banco de Tirán, estableceuse un total de 84 estacións de toma de mostras distribuídas en catro estratos, T1, T2, T3N e T3S, cunha superficie de 322974, 520703, 400190 e 867768 m² respectivamente (**Figura 1**). En cada estación de toma de mostras recolleuse unha mostra cunha draga van Veen lastrada de 0.25 m² de superficie de ataque. As mostras recollidas eran lavadas nunha mesa de lavado cunha malla de 5 mm de luz. No banco de Cabo de Mar estableceuse en abril de 2023 unha malla de 113 estacións distanciadas entre elas 120 m. Esta malla estendeuse máis alá dos límites das tres áreas que compoñen o banco de Cabo de Mar (Cabo de Mar V, Cabo de Mar I e Cabo de Mar S) na actual configuración de banco (**Figura 2**). Esta malla de estacións foi empregada para a obtención de mostras de sedimentos de xeito que o aspecto do sedimento, xunto coa presenza de especies de interese comercial foi empregada para a definición dos límites do banco. Os sedimentos tamén foron empregados para facer unha análise granulométrica. Inda que en tódalas estacións se recolleron mostras da fauna, para a avaliación de stock de primavera só se empregaron aquelas que se consideraron dentro dos novos límites definidos e cun reaxuste na superficie dos estratos.

Na avaliación de stock foron establecidos tres estratos baseados nos novos límite propostos: CMOeste, coincidente coa área Cabo de Mar V orixinal agás unha pequena redución de superficie, de xeito que a súa área final foi de 61252 m²; CMNorte, coincidente coa área orixinal Cabo de Mar I agás unha pequena redución de superficie no extremo norte, e con 412967 m²; e CMSul, baseada na área orixinal denominada Cabo de Mar S e que cos novos límites proposto sufriu unha redución de superficie tanto no Norte como Sul e pasou a ter una superficie final de 176636 m² (**Figura 3**). No caso da avaliación de stock de outono, as mostras foron unicamente recollidas nas estacións dentro dos novos límites propostos para o banco xa consideradas definitivas dende a análise dos resultados da avaliación de primavera. O deseño da mostraxe definitiva estaba composto por unha malla de 48 estacións separadas 120 m nas dúas avaliacións.

As mostras para a avaliación de primavera de 2023 recolléronse entre o 19 e o 21 de abril en Tirán (data media 20/04/2023) e as de Cabo de Mar entre o 26 e o 28 de abril (data media 27/04/2023). As mostraxes de outono leváronse a cabo entre o 5 e o 7 de setembro en Tirán (data media 6/09/2023) e o 13 de setembro en Cabo de Mar.




Figura 1.- Deseño da toma de mostras para avaliación de stock de outubro de 2021 en Tirán.

Actuación cofinanciada polo FEMP nun 75%. P.O. español 2014ES14MFOP001 [Prioridade 1 - OE1.e) - medida 1.5.2]. OIG: D.X. Desenvolvemento Pesqueiro




Figura 2.- Deseño da toma de mostras para definición dos límites en Cabo de Mar.




Figura 3.- Deseño da toma de mostras definitiva para a avaliación de stock en primavera e outono de 2023 en Cabo de Mar.



3.1.2. PROCESADO DAS MOSTRAS

As mostras de sedimento recollidas en Cabo de Mar foron transportadas ao laboratorio do CIMA para a súa análise granulométrica en seco. Ademais da análise granulométrica a descrición do sedimento foi completada coa descrición do material retido no tamiz de 2 mm (gravas), así como co aspecto do sedimento no rexistro fotográfico das mostras recollidas.

As mostras de fauna foron procesadas polos técnicos das confrarías de pescadores da ría de Vigo. O procesado consistiu na triaxe das especies de bivalvos de interese comercial e rexistro dos seus tamaños. Os datos recollidos foron empregados para avaliar o stock de bivalvos de interese comercial coa aplicación ARouSA (Parada *et al.*, 2009). Inda que foron procesadas tódalas especies de interese comercial, neste informe unicamente se dá conta do stock daquelas de maior interese en cada banco: ameixa babosa (*Venerupis corrugata*), ameixa rubia (*Polititapes rhomboides*) e carneiro (*Venus verrucosa*).

3.1.3. DINÁMICA DE POBOACIÓNS.

As estruturas de tamaño obtidas das estimacións de stock das especies principais de cada banco foron empregadas para a identificación de cohortes cos procedementos de Battcharya e de NORMSEP incluídos no software FISAT II. No presente informe só se inclúen os resultados de identificación de cohortes dalgunhas das especies estudadas. Unha vez identificadas as cohortes empregouse o método de Appeldorn dispoñible no software FISAT II para o axuste da progresión modal a un modelo de crecemento de von Bertalanffy estacional:

$$L_t = L_\infty (1 - \exp - [K (t - t_0) + St - St_0]);$$

$$St = (CK/2\pi) \text{Sen } \pi (t - ts);$$

$$St_0 = (CK/2\pi) \text{Sen } \pi (t_0 - ts);$$

$$ts = WP - 0.5$$

onde L_t é a lonxitude á idade t ; L_∞ é a lonxitude máxima teórica (asintótica) da especie; K é o coeficiente de crecemento (cociente co que se alcanza L_∞); t_0 fai referencia ao tamaño teórico a tempo 0 (factor de escalado da curva no eixo X); C é a amplitude da oscilación do crecemento estacional e toma valores entre 0 (para crecemento continua) e 1; WP ou Winter Point é o punto no que o crecemento se detén cando $C=1$ e toma valor 0 no modelo de crecemento non estacional ou continuo, e t_s é o momento entre $t=0$ e o comezo da primeira oscilación.



4. RESULTADOS E DISCUSIÓN

4.1. Banco de Tirán.

4.1.1. AVALIACIÓN DE STOCK DE PRIMAVERA.

Carneiro.

A densidade total de carneiro na avaliación de abril de 2023 foi de 2.24 ind/m², dos que 1.37 ind/m² eran de tamaño comercial. Esta densidade correspondíase cunha estimación do stock comercial de 145 t para o total do banco (**Figura 4, Anexo I**). A estrutura de tamaños desta especie amosaba os picos de maior densidade nas clases de tamaño superiores ao tamaño comercial (**Figura 4**). A distribución espacial desta especie amosaba as maiores densidade de exemplares tanto comerciais como non comerciais nos estratos T1 e T2 (**Figura 5**).




Figura 4.- Estrutura de tamaños e avaliación de stock de carneiro en primavera no banco de Tirán.




Figura 5.- Estrutura de tamaños e avaliación de stock de ameixa babosa en primavera en Tirán.



Ameixa babosa.

Esta especie presentaba en primavera unha densidade total de 3.13 ind/m² e 0.11 ind/m² de tamaño comercial, correspondente a un stock de 2987 kg no total do banco, cunha estrutura de tamaño na que destacan dous probables grupos de idade; cun pico en torno aos 10 mm e outro entorno aos 28 mm (**Figura 6 e Anexo I**). A distribución espacial desta especie centrábase maiormente no estrato T1, con algunha presenza de exemplares non comerciais no estrato T2 (**Figura 7**).




Figura 6.- Estrutura de tamaños e avaliación de stock de ameixa babosa en primavera en Tirán.




Figura 7.- Distribución espacial da densidade de ameixa babosa en primavera no banco de Tirán.

Ameixa rubia.

A densidade de ameixa rubia no banco de Tirán en primavera de 2023 foi estimada en 6.13 ind/m² dos que 1.52 ind/m² superaban o tamaño comercial, de xeito que o stock comercial foi estimado en 67.3 t para a totalidade do banco (**Figura 8 e Anexo I**). Na estrutura de tamaños o 51% da poboación atopábase entre os 30 e os 46 mm (**Figura 8**). Na distribución espacial destaca un núcleo de exemplares non comerciais no extremo sur do estrato T3S e no estrato T2, mentres que a maior parte dos exemplares comerciais se atopaban no estrato T2 (**Figura 9**).




Figura 8.- Estrutura de tamaños e avaliación de stock de ameixa rubia en primavera en Tirán.




Figura 9.- Distribución espacial da densidade de ameixa rubia en primavera no banco de Tirán.

4.1.2. AVALIACIÓN DE STOCK DE OUTONO. Carneiro.

No mes de outubro o stock de carneiro amosou unha densidade total de 2.66 ind/m², dos que 1.76 ind/m² se atopaban por enriba do tamaño comercial. Esta densidade correspondíase cunha avaliación de stock comercial de 207 t para o total do banco (**Figura 10, Anexo II**), superior ás 167 t estimadas en setembro de 2022. A estrutura de tamaños desta especie en outono era moi semellante á da avaliación de primavera, cun 66% da poboación por enriba do tamaño comercial (**Figuras 10**). A distribución espacial desta especie amosaba as maiores densidade nos estratos T2 e T3N (**Figura 11**).




Figura 10.- Estrutura de tamaños e avaliación de stock de carneiro en outono no banco de Tirán.




Figura 11.- Distribución espacial da densidade carneiro de tamaño non comercial e comercial en outono no banco de Tirán.



Ameixa babosa.

Esta especie presentaba en outono unha densidade total de 23.73 ind/m², moi superior aos 8.94 ind/m². Sen embargo, a densidade de exemplares de tamaño comercial foi estimada en 0.27 ind/m² (10 t) (**Figura 12, Anexo II**). A estrutura de tamaños reflectía un marcado recrutamento, cun rango de tamaños dende 6 a 26 mm, que se correspondía co 93% da poboación (**Figura 12**). A distribución espacial desta especie en outubro centrábase principalmente no estrato T1 (**Figura 13**) con densidades puntuais de máis de 200 ind/m² nalgunhas estacións.




Figura 12.- Estrutura de tamaños e avaliación de stock de ameixa babosa en outono en Tirán.




Figura 13.- Distribución espacial da densidade de ameixa babosa en outono no banco de Tirán.

Ameixa rubia.

A densidade total da ameixa rubia foi estimada en, setembro de 2023, en 31.11 ind/m², moi superior á de setembro de 2022 (8.2 ind/m²) dos que 1.99 ind/m² superaban o tamaño comercial. Así, a estimación de stock comercial foi de 85 t, superior ás 59 t de 2023 ás 67 t de abril de 2022 (**Figura 14, Anexo II**). A estrutura de tamaños amosou un recrutamento salientable (**Figura 14**). A distribución espacial da densidade de exemplares de tamaño non comercial estendíase en outono ao longo dos catro estratos, pero sobre todo polo límite sur, mentres os exemplares de tamaño comercial se distribuían sobre todo no estrato T3S (**Figura 15**).




Figura 14.- Estrutura de tamaños e avaliación de stock de ameixa rubia en outono en Tirán.




Figura 15.- Distribución espacial da densidade de ameixa rubia en outono no banco de Tirán.

4.1.3. DINÁMICA DE POBOACIÓNS.

As estruturas de tamaño obtidas para ameixa rubia permitiron identificar 4 cohortes en maio e en outubro. As cohortes do 20 de abril de 2023 tiñan un tamaño medio de 13.5, 21.3, 37.3 e 46.9 mm con desviacións estándar de 2.6, 2.6, 4.5 e 3.6 mm respectivamente. A densidade destas cohortes estimouse en 0.95, 1.25, 3.14 e 0.69 ind/m² respectivamente. As cohortes identificadas o 5 de setembro de 2023 tiñan un tamaño medio de 12, 17.3, 32.5 e 42 mm, desviacións estándar de 2.3, 2.9, 2.5 e 3.1 mm e unha densidade de 15, 14, 1 e 2 mm respectivamente. Estas estruturas de tamaños son semellantes ás atopadas nas avaliacións de stock realizadas neste banco en 2021 e 2022 (Parada, 2021; Varela-Baños *et al.*, 2022) e ás atopadas por Febrero *et al.* (2020) neste mesmo banco. Á primeira cohorte a abril e ás dúas primeiras de setembro asignóuselle unha idade de 0 e 0+ anos; á segunda de abril e á terceira de setembro 1 ano de idade; ás cohortes terceira e cuarta de abril 2 e 3 anos, respectivamente que se unen nunha única cohorte II+III en setembro (**Figura 16**).

Esta estrutura de idade suxire a presenza de dous pulsos de recrutamento: un en abril, inconcluso no momento das mostraxe da avaliación de stock e outro posterior. Deste xeito, a densidade da poboación reprodutora (exemplares de máis dun ano de idade en abril) foi estimada en 5.08 ind/m² e a poboación recruta de setembro de 2023 puido estimarse en 19 ind/m². Así, a taxa de recrutamento foi estimada en 5.71 recrutas en setembro por cada adulto en abril. Esta taxa fora estimada en 0.96 e 0.83 en setembro de 2021 e 2022, respectivamente.

Os resultados obtidos nas avaliacións de stock de 2023, unidos aos derivados do seguimento realizado neste banco dende abril de 2021 permitiron estimar un modelo de crecemento para esta especie. O crecemento observado axustouse a un modelo estacional de von Bertalanffy con $L_{\infty} = 55$ mm, $K = 0.52$ anos, $WP = 0.31$, $C = 1$ e $t_0 = 0$ anos (**Figura 17**). Deste modelo de crecemento despréndese a relación tamaño-idade que se amosa na **táboa 1** e implica que esta especie acada o tamaño comercial (40 mm) durante o terceiro ano de vida; concretamente aos 33 meses, mentres que en Ares precisaría 39 meses e na Mancha 41. Os resultados obtidos amosan un crecemento semellante ao atopado na ría de Ares neste mesmo proxecto (Parada *et al.*, 2023) e superior ao descrito por Savina (2004) para esta especie en Manche (Francia).

Actuación cofinanciada polo FEMP nun 75%. P.O. español 2014ES14MFOP001 [Prioridade 1 - OE1.e) - medida 1.5.2]. OIG: D.X. Desenvolvemento Pesqueiro




Figura 16.- Identificación de cohortes de ameixa rubia no banco de Tirán.




Figura 17.- Modelo de crecemento de ameixa rubia no banco de Tirán.



Táboa 1.- Relación tamaño – idade de ameixa rubia. Tirán, resultados deste traballo; Ares, resultados deste proxecto na ría de Ares (Parada *et al.*, 2023); Mancha, Savina (2004).

Idade (anos)	Tamaño en Tirán (lonxitude; mm)	Tamaño en Ares (lonxitude; mm)	Tamaño en Mancha (lonxitude; mm)
1	22.3	20.9	22.1
2	35.6	32.3	33.2
3	43.4	38.5	38.7
4	48.1	41.8	41.5

4.2. Banco de Cabo de Mar.

4.2.1. TIPO DE SEDIMENTO E LÍMITES DO BANCO.

Atendendo ao aspecto do sedimento, a maioría das estacións de Cabo de Mar I estaba constituído por areas gravosa; areas gravosas con maërl ou con fango e fango con maërl ou cascallo; dúas estacións tiñan sedimentos de area fangosa e outras dúas de areas. Unicamente unha estación no extremo Norte (CM30), xunto con outra fóra dos límite (CM21) estaban constituídas por fango e tres tiñan fondo rochoso. En tres estacións do extremo Sul desta zona (CM86, CM87 e CM88) non se puido recoller mostra por ser moi someras e presentar baixos rochosos que dificultaban o acceso coa embarcación. En consecuencia os límites desta zona foron recortados no extremo Norte (**Figuras 18 a 22**). Das cinco estacións da zona Cabo de Mar V, tres estaban constituídas por fango con maërl ou cascallo e outra por area gravosa con fango; a quinta, no extremo Norte, igual que as estacións situadas ao oeste do límite desta zona tiñan fondos fangosos. Os límites desta zona foron recortados no extremo Norte (**Figuras 18 e 23 ; táboa 3**). O extremo Norleste da zona Cabo de Mar S estaba constituído por fondos rochosos e con batimetría intermareal. Tamén se atoparon fondos rochosos en parte do extremo surleste. O resto desta zona tiña sedimentos de fango con mærl ou cascallo, area gravosa con fango ou con maërl e area gravosa. A presenza de fondos rochosos estendidos polo extremos Norte e Sur de Cabo de Mar S e de sedimentos de areas finas grises no extremo Sur tiveron como consecuencia a redefinición des seu límites (**Figuras 18, 24 e 25; táboa 4**). Os sedimentos do exteriores dos límites da zona Cabo de Mar S non permitiron estender os límites desta zona máis alá dos previamente definidos. En consecuencia coa sedimentoloxía estableceuse o perímetro definitivo para a avaliación de stock no banco de Cabo de Mar con tres estratos: CMOeste, CMNorte e CMSul xa expostos na metodoloxía (**Figura 3**). Igualmente se estableceron como estacións de toma definitivas a considerar nas avaliacións de stock as coincidentes con ditos límites descartando, no caso da avaliación de stock de abril de 2023 as recollidas no resto de estacións (**Figura 26; táboa 5**). No **anexo III** recóllense as coordenadas dos límites do banco e no **anexo IV** as dos estratos considerados.



Actuación cofinanciada polo FEMP nun 75%. P.O. español 2014ES14MFOP001 [Prioridade 1 - OE1.e) - medida 1.5.2]. OIG: D.X. Desenvolvemento Pesqueiro




Figura 18.- Tipo de sedimento nas estacións estudadas en Cabo de Mar.




Figura 19.- Granulometría e aspecto dos sedimentos con fango e area fangosa en Cabo de Mar I.

Actuación cofinanciada polo FEMP nun 75%. P.O. español 2014E514MFOP001 [Prioridade 1 - OE1.e) - medida 1.5.2]. OIG: D.X. Desenvolvemento Pesqueiro





Figura 20.- Granulometría e aspecto dos sedimentos con fango con maërl ou cascallo en Cabo de Mar I.



Actuación cofinanciada polo FEMP nun 75%. P.O. español 2014E514MFOP001 [Prioridade 1 - OE1.e) - medida 1.5.2]. OIG: D.X. Desenvolvemento Pesqueiro

Figura 21.- Granulometría e aspecto dos sedimentos con area gravosa con maërl en Cabo de Mar

I.




Figura 22.- Granulometría e aspecto dos sedimentos con area, area gravosa e area gravosa con fango en Cabo de Mar I.



Actuación cofinanciada polo FEMP nun 75%. P.O. español 2014ES14MFOP001 [Prioridade 1 - OE1.e) - medida 1.5.2]. OIG: D.X. Desenvolvemento Pesqueiro




Figura 23.- Granulometría e aspecto dos sedimentos con fango, area fangosa, fango con maërl ou cascallo e area gravosa con fango en Cabo de Mar V.




Figura 24.- Granulometría e aspecto dos sedimentos con area fangosa, fango con maërl ou cascallo e area gravosa con maërl en Cabo de Mar S.



Actuación cofinanciada polo FEMP nun 75%. P.O. español 2014ES14MFOP001 [Prioridade 1 - OE1.e) - medida 1.5.2]. OIG: D.X. Desenvolvemento Pesqueiro




Figura 25.- Granulometría e aspecto dos sedimentos con area, area gravosa e area gravosa con fangoen Cabo de Mar S.



Actuación cofinanciada polo FEMP nun 75%. P.O. español 2014ES14MFOP001 [Prioridade 1 - OE1.e) - medida 1.5.2]. OIG: D.X. Desenvolvemento Pesqueiro




Figura 26.- Estacións definitivas de toma de mostras de stock en Cabo de Mar.



Actuación cofinanciada polo FEMP nun 75%. P.O. español 2014ES14MFOP001 [Prioridade 1 - OE1.e) - medida 1.5.2]. OIG: D.X. Desenvolvemento Pesqueiro

Táboa 2.- Granulometría e características sedimentolóxicas do banco de Cabo de Mar I. Estacións do estrato CMNorte. Contido en gravas (GRV), áreas moi grosas (AMG), áreas grosas (AGR), áreas medias (AMD), áreas fins (AFN), áreas moi finas (AMF) e pelitas (PEL). Mediana en mm (MN(mm)), moda (MD), mediana en unidades phi (MN(phi)), desviación de quartil (QD), asimetría (Skq), coeficientes de selección (So).

ID	%GRV	%AMG	%AGR	%AMD	%AFN	%AMF	%PEL
CM31	9.55	3.26	8.47	27.56	30.78	9.2	11.18
CM32	9.23	3.48	3.2	7.3	15.55	22	39.24
CM33	22.42	3.8	1.92	3.48	10.63	18.88	38.88
CM42	11.11	10.52	20.17	34.99	16.96	4.54	1.71
CM43	15.24	16.69	30.97	31.13	4.79	0.71	0.46
CM44	45.04	15.69	13.75	10.15	7.8	4.22	3.36
CM45	4.39	11.63	36.24	36.86	10.41	0.38	0.09
CM53	13.65	14.93	28.26	35	7.42	0.44	0.3
CM54	26.63	25.01	26.49	18.81	2.58	0.29	0.19
CM55	57.82	20.41	9.83	4.62	3.53	2.31	1.48
CM56	51.54	28.24	12.39	5.56	2.06	0.15	0.05
CM64	23.4	13.27	6.9	9.99	6.72	16.26	23.46
CM65	32.06	29.3	18.71	9.29	5.09	3.62	1.93
